

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032923	IES de Carral	Carral	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Latín do 4^º curso da ESO está, de inicio, condicionada no seu enfoque, da súa singular dobre natureza: como posible única toma de contacto para unha parte do alumnado, coa lingua, cultura e civilización latina, bases da nosa sociedade actual; e para outra parte, o que continúe os estudos nesta disciplina, terá carácter propedéutico.

Debido a isto, aínda que os catro bloques de contidos: “o presente da civilización latina”, “latín e plurilingüismo”, “comprensión e interpretación dos textos” e “legado e patrimonio”. teñen igual importancia, se priorizarán os de natureza lingüística; aínda que optouse por abordar uns contidos reducidos para potenciar, porén, a aprendizaxe da gramática básica e de vocabulario tamén básico. O alumnado, ao remate do curso, coñecerá en profundidade a categoría gramatical que lle resulta máis estraña, o caso, mais non todos os modelos flexivos do nome. Na morfoloxía verbal non irá máis alá dos tempos simples e da voz activa, se ben se pode introducir marxinalmente a voz pasiva para explicar formulas ou expresións idiomáticas. Déixanse para outros cursos, pois, as formas non persoais do verbo, coa excepción de infinitivo de presente activo e un primeiro achegamento ás construcións de infinito con acusativo. Tamén estarían fóra dos obxectivos deste ano a gradación do adxectivo, dedicándose, en cambio, moito tempo ao uso correcto das preposicións, conectores básicos (os de coordinación en xeral e, dentro da subordinación, quia, cum e dum con indicativo) e os adverbios (aquí incluída a súa formación). Con este deseño da programación o que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo Itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.

Metodolóxicamente, téntase achegar a materia ao alumnado partindo do seu nivel de desenvolvemento próximo, polo que consideramos que, a primeira toma de contacto realizarase a través do léxico e os seus formantes básicos, comúns nas linguas da súa contorna e con orixe no Latín. Tamén, neste sentido, pareceunos conveniente facer unha introdución a aspectos básicos, a modo de repaso, de conceptos elementais e xenerais de morfoloxía e sintaxe adquiridos noutras materias e que, a partir destes, poda familiarizarse o alumnado cos novos conceptos específicos do Latín.

É necesario vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes. Nesta contextualización e concreción curricular hai que sinalar as características das alumnas e alumnos e do centro educativo aos que vai destinada.

O centro, IES de Carral, está situado no municipio de Carral. É un municipio da provincia de A Coruña, Galicia, España. A súa cabeceira de poboación atópase situada a 17 quilómetros da cidade de A Coruña, en plena estrada nacional que comunica a esta con Santiago de Compostela. Limita cos municipios de Ordes, Abegondo, Cambre, Cerceda e Culleredo.

Ten como centro escolar adscrito o CPI VICENTE OTERO VALCÁRCEL

Este centro, que empezou a funcionar no curso 2015/2016, só oferta o Ensino Secundario Obrigatorio.

A maioría do seu alumnado pertence a unha comunidade rural galego falante. Obsérvanse, en xeral, algunhas dificultades na comprensión lingüística; tamén na expresión, especialmente na oral nos alumnos galego falantes, con leves problemas de bilingüismo -mestura de linguas-. A poboación inmigrante é escasa, aínda que en aumento, na súa maioría procedente de países de América, co castelán como lingua vehicular.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A comunidade feita palabras	Nesta unidade preténdese unha inicial toma de contacto co latín a través do parentesco léxico común coas linguas propias do alumnado e con outras linguas europeas e do resto do mundo,	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A comunidade feita palabras	desenvolvendo conceptos xa coñecidos polos educandos: abecedario, pronuncia, diferenzas entre palabras patimoniales, cultismos e latinismos, prefixos, sufixos e lexemas, derivación, composición.	10	10	X		
2	Penetrando na lingua latina	Nesta UD o alumnado tomará contacto por primeira vez coa lingua latina de forma pausada, pero sucesiva : lectura e pronunciación correctas; morfoloxía nominal: xéneros, números, casos, 1ª e 2ª declinación; morfoloxía verbal: o presente e o pretérito imperfecto de indicativo, os adxectivos da primeira clase, orde das palabras na oración.	14	24	X		
3	Vida cotiá e sociedade na Antiga Roma	Vaise procurar un achegamento á sociedade romana den de un punto de vista crítico, destacando, por unha banda, aqueles aspectos positivos da civilización romana, sen ocultar todos aqueles outros que entran en conflito cos valores dunha sociedade libre e democrática.	6	6		X	
4	A familia indoeuropea; evolución ata os nosos días.	Preténdesetraballar a lingua latina dende a súa orixe (tamén dos sistemas de escritura), parentesco, evolución , ata as línguas románicas actuais.	8	12		X	
5	A lingua latina II	Séguese a traballar a lingua latina e a súa gramática a través da lectura, reflexión, traducción, retroversión e realización de exercicios. Na morfoloxía nominal a 3ª declinación, na verbal, o futuro imperfecto, e as conxuncións coordinantes.	18	18		X	
6	Etimoloxía básica	Traballarase a evolución dos fenómenos etimolóxicos básicos do vocalismo e consonantismo dende o latín ata o galego e o castelán	6	6			X
7	Patrimonio literario	Preténdese un achegamento á literatura latina no seu conxunto e á importancia da lingua latina como vehículo de expresión non soamente da literatura, srñón tamén de toda actividade humana, Paralelamente hase ver a influencia da literatura clásica no presente cultural.	8	10			X
8	A lingua latina III	Séguese a traballar a lingua latina e a súa gramática a través da lectura, reflexión, traducción, retroversión e realización de exercicios. Na morfoloxía nominal a 3ª declinación do xénero neutro; na verbal, o pretérito perfecto, e os adxectivos da 2ª clase..	20	16			X
9	A mitoloxía lida e imaxinada	Preténdese que coñezan e recoñezan obras e episodios mitolóxicos pertencen ó acervo cultural clásico e a súa pegada en todas as artes ao longo da historia a través da	10	3	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A mitoloxía lida e imaxinada	lectura trimestral dunha obra literaria adaptada á súa idade.	10	3	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A comunidade feita palabras	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos simples, aplicando os coñecementos doutras linguas do repertorio individual propio.	PE	85
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo, prefixos, sufixos ou bases léxicas.		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.

Contidos

- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	Penetrando na lingua latina	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	85
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada.	TI	15
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estructuras oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
3	Vida cotiá e sociedade na Antiga Roma	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar crítica e xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das sociedades modernas.	PE	60
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes máis salientables dos mesmos, relacionando os datos con referentes actuais.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais especialmente salientables do presente, identificandoas semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina	TI	40
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.

UD	Título da UD	Duración
4	A familia indoeuropea; evolución ata os nosos días.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente.	PE	80
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como fundamental.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas sobre o legado da civilización romana.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura. - Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana. - Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.

Contidos
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
5	A lingua latina II	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas do repertorio do alumnado.	PE	85
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada.	TI	15
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
6	Etimoloxía básica	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos a partir das linguas propias.	PE	90
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos. - Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.

UD	Título da UD	Duración
7	Patrimonio literario	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	PE	70
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, fundamentais, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico.		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada.		
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana.	TI	30
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.

UD	Título da UD	Duración
8	A lingua latina III	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Odentificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	85
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada.	TI	15
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúdo e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
9	A mitoloxía lida e imaxinada	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente.	PE	100
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar os elementos máis destacados da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas sobre o legado da civilización romana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura. - Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque é plurilingüe e integrador, psicolingüístico, comunicativo e funcional, caracterizado por:

- Recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística que integre a aprendizaxe de todas as linguas
- Promover as transferencias de coñecementos adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutras; o que permitirá ao aprendiz: descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas coas regularidades observadas noutras linguas que coñece;
- identificar termos emparentados en todas as linguas de aprendizaxe; facilitar a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces.
- Posibilitar que os contidos, procesos e estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades de comprensión e produción doutras linguas;
- Fomentar a reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos –no caso do Latín, sinxelos- que favorezan o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolvan a capacidade crítica e creativa dos estudantes, déanlles acceso á memoria, a creatividade, a imaxinación, o descubrimento doutras persoas, doutras épocas e culturas, e enfróntenos a situacións, sentimentos e emocións non experimentados, que enriquezan a súa visión do mundo e favorezan o coñecemento de si mesmos.
- Posibilitar a aprendizaxe con modelos, máis tarde a práctica guiada e finalmente a práctica autónoma.
- Fomentar a creatividade, o hábito lector e o goce da lectura.

- Partir do nivel de desenvolvemento cognitivo e socio-afectivo do alumno.
 - Ter en conta a diversidade, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.
 - Partir das diferentes contornas lingüísticas, culturais e socioeconómicas do alumnado
 - Metodoloxía activa e participativa, de interacción profesor/a - alumnos e alumno- alumno.
 - Os profesores como mediadores e guías para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.
 - O traballo na aula alternará entre o método expositivo e inductivo de aprendizaxe, así como o traballo por proxectos.
 - Estimular no alumno a capacidade de aprender a aprender.
 - Fomentar o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumnado
 - Combinar o traballo individual do alumno coas actividades de carácter cooperativo ou de grupo.
 - Uso das TIC.
- Estratexias metodolóxicas:**
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, páxinas web etc.
 - Elaboración de síntese, esquemas...
 - Tradución e retroversión de sintagmas, oracións transparentes e textos sinxelos.
 - Comentarios de textos, mapas, gráficos, ...
 - Resolución de problemas.
 - Memorización comprensiva.
 - Debates comparativos que fomenten a reflexión e o descubrimento doutras épocas, modelos, formas de vida, culturas...
 - Lectura de adaptacións de obras literarias de mitos grecolatinos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: DURÁN, M., Latín 4º ESO, ed. Casals
Vídeos , documentais, audios..
Selección de fragmentos ou obras literarias completas
Recursos dixitais proporcionados pola editorial e de fácil acceso.
Ordenadores, móbiles propios.
Diccionario e gramáticas
Caderno do alumno
Aula virtual do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Data prevista de realización: nas primeiras semanas de inicio de curso; así como ao iniciar cada un dos temas e contidos

Realizarase unha proba con preguntas sobre contidos gramaticais e textuais, tamén algunha de cultura xeral sobre a cultura latina (autores, obras, monumentos, personaxes históricos...) que permitirán partir do nivel de desenvolvemento do alumno e comprobar os diferentes niveis que poida haber no grupo-clase (é o caso, tamén, en tanto ao dominio sintáctico nas súas linguas propias, para comezar coa relación dos casos latinos coa función sintáctica; conceptos léxico- semánticos como prefixos, bases léxicas, latinismos...). Poder adaptarse á diversidade,

partindo do nivel de desenvolvemento próximo dos alumnos e decidindo o grao de profundidade co que deban desenvolverse os contidos, así como a metodoloxía e o tipo de actuacións que deban seguirse no proceso de ensino aprendizaxe. Tamén para recabarar datos para a avaliación inicial

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	14	6	8	18	6	8	20	10	100
Proba escrita	85	85	60	80	85	90	70	85	100	84
Táboa de indicadores	15	15	40	20	15	10	30	15	0	16

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación obterase a partir de:

a) Probas e exames (75% da nota da avaliación)

b) Cadernillo do alumno/a: traballos en clase, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración,etc), formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións (15% da nota da avaliación)

c) Libro de lectura (10% da nota da avaliación)

O alumnado superará a materia en dous supostos:

1.- Ter avaliación positiva (5 ou máis) nas tres avaliacións.

2.- A media entre as tres avaliacións é igual ou superior a 5 sendo imprescindible, neste suposto, obter na 3ª avaliación unha cualificación de 5 ou superior. Sempre estaremos a falar dunha escala do 1 ao 10

A cualificación final obtense a partir da media ponderada entre as notas das tres avaliacións sendo a porcentaxe da 1ª avaliación un 20%, da segunda avaliación un 35% e da terceira un 45%

O deseño, tipo e número de probas poderá decidilo o profesor/a de aula en función da secuenciación de contidos no momento da súa realización, xa impartidos e traballados na aula e, adecuado ao alumnado.

Realizaranse polo menos dous exames por avaliación.

Os controis e exames de avaliación poderán constar dunha parte teórica e outra práctica, con preguntas tipo test, resposta curta, resposta a desenvolver, definicións, creacións do alumno/a, resumos, comentarios...

O peso destas probas en cada avaliación será establecida polo profesor/a según a importancia e/ou a cantidade dos saberes que conforman cada proba.

Aprobarán aqueles alumnos que obteñan unha nota mínima de 5 puntos.

As medias calcúlanse sempre partindo da nota real e non da redondeada.

Nas producións escritas valorarase, ademais da ortografía, a puntuación, a corrección sintáctica, a exactitude léxica, a capacidade expresiva e, en xeral, a corrección idiomática e a presentación; e naquelas actividades que o alumno deba entregar ao profesor/a, a puntualidade.

As faltas de ortografía poderán reducir a nota das probas, traballos e exames ata un máximo de 2 puntos.

Cualificaranse da seguinte forma: 0,20 décimas por falta. Tres acentos equivalen a unha falta (0,20).

A avaliación do libro de lectura será unha por trimestre -mínimo- dunha obra de mitoloxía grecolatina adaptada, das propostas polo profesor/-a. Realizarase un por trimestre.

Puntuarase da seguinte forma:

- Presentación (marxe, sangría, maiúsculas, subliñados...) 0,1
- Contidos: 0,8
- Corrección ortográfica e gramatical: 0,1

Se se teñen probas contundentes de que un alumno/-a copiou nalgunha das probas realizadas obterá nela, automaticamente, a cualificación de 0; e na nota final da avaliación acharase a media ponderada coas notas obtidas nas demais probas. Así mesmo, obterase tamén a cualificación de 0 se se entregase un traballo claramente plaxiado, salvo no caso, evidentemente, que fagan referencia bibliográfica ás súas fontes-. No caso de haber dúbidas sobre a non autoría do alumno/a se procederá a unha proba extraordinaria por parte do profesor/a que podería ser de carácter oral ou escrita.

Criterios de recuperación:

Os saberes básicos non superados nas avaliacións ordinarias poderán ser recuperados mediante un exame na avaliación final de xuño, se avaliarán segundo os criterios de avaliación establecidos.

A nota de recuperación substituirá a nota das correspondentes proba/s non superada/s durante as avaliacións ordinarias. A cualificación da nota da avaliación final obterase seguindo as porcentaxes xa establecidas neta programación; é dicir, un 20% para a 1ª avaliación, un 35 % para a 2ª avaliación e un 45% para a 3ª

Considerarase recuperada a materia cando a cualificación resultante sexa a nota numérica dun 5 ou superior.

6. Medidas de atención á diversidade

Todas as medidas tomadas co alumnado NEAE seguirán os protocolos da Xunta e os informes e indicacións do equipo de Orientación do IES de Carral.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención, sempre que as circunstancias o permitan, concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación delinguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa. Tamén haberá un seguimento personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual	X		X				X	
ET.3 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial			X					
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero	X		X				X	
ET.8 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita	X
ET.2 - A comunicación audiovisual	
ET.3 - A competencia dixital	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial	
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico	X
ET.6 - A educación emocional e en valores	X
ET.7 - A igualdade de xénero	X
ET.8 - A creatividade	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto nas linguas propias do alumnado como en latín.
2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas unidades sobre o legado e a sociedade romana, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais.
3. A competencia dixital hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións informáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro.
4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente nas unidades nas que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana.
5. O fomento do espírito crítico e científico traballarase durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano.
6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula.
7. A igualdade de xénero é especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura; unidades didácticas nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana. Este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo.
8. A creatividade ten cabida en todas as unidades didácticas propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visionado de películas	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as destrezas de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (capacidades conversacionais, tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos/as participantes.		X	
Obradoiros de escritura creativa	Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.			X

Observacións:

Tentarase levar a cabo algunha saída para ir á representación de obras clásicas, preferentemente en Lugo e/ou ir visitar a herdanza romana que nesta cidade consérvase, aínda que dependerá do número de alumnos e do mínimo establecido para poder realizar ditas actividades -na PXA do Instituto-.

As actividades que se realicen, dependerán, tamén, da súa aceptación polo alumnado. De levarse a cabo, quedarán reflectidas na Memoria final do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adoptáronse as medidas organizativas e empregáronse recursos adecuados para atender a diversidade do alumnado, especialmente aos NEAE
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Disponibilidade e emprego de materiais de investigación e consulta.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica procederase a comprobar o grao de cumprimento respecto a data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións. Tamén na acta da reunión de departamento, hase facer unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- Resultados académicos do grupo.
- Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e

mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados